

CONCELLO
DE VIGO



FOT MARAATÓN




XVIII
Edición

26 SET
13 OUT

CASA
DAS
ARTES

Vivimos nunha cidade fermosa





Este ano o Maratón Fotográfico de Vigo faise maior, dezaioito edicións, ano tras ano, tema tras tema e foto tras foto, miles delas. Facendo un cálculo aproximado poderían ser unhas 30.000 fotos, mais de 2.000 participantes e sobre todo moitos bos momentos buscando os temas, charlando cos compañeiros, pensando en cal será a mellor hora para facer a foto, paseando por Vigo, buscando inspiración, correndo para procesar as fotos e rompendo a cabeza escollendo cal será a mellor...

Cafés, bares, xente, animais, parques, edificios, nenos, mercadillos, sombras, movementos, cores, músicos, vellos, barrios, auga, praias... a lista de temas ó longo destes anos dá para acoller case todas as disciplinas fotográficas e inspirar a estes novos concursantes que todos os anos aumentan a lista dos que xa participaron e tamén para os mais fieis que levan xa anos facendo deste Maratón unha festa da fotografía e sobre todo pasando un bo día acompañados de "colegas" de afección.

O Maratón 2013 tivo lugar en Agosto, nun caloroso fin de semana. Os participantes tiveron 24 horas para facer fotos sobre catro temas. Ao final debían entregar á organización un CD con catro fotos, unha por tema. Logo dun proceso de selección, no que foron elixidas as 25 mellores, estas ampliáronse, e pasarán a formar parte da exposición que agora inauguramos e na que un segundo xurado escolleu as mellores.

Os temas nesta edición: "Negra sombra", "Estrela", "Salto", "Baleiro".

Dende a AFG queremos agradecer a todos os que participades neste Maratón a vosa constancia, o voso interese e o ánimo que ano tras ano recibimos para continuar e mellorar, dentro das nosas posibilidades.

Non podemos tampouco esquecer ao Concello de Vigo e aos colaboradores que fan posible que teñamos chegado aos dezaioito anos, e que xa pensemos nas seguintes edicións.

Grazas a todos e disfrutade das imaxes que tedes ante vos.

EXPOSICIÓN:

Do 26 de setembro ao 13 de outubro de 2013
Casa das Artes, Vía. Polcarpo Sanz, 15

HORARIO:

Luns a venres: de 18 a 21 h
Sábados: de 12 a 14 h e de 18 a 21 h
Domingos e festivos: de 12 a 14 h



Estrella Galicia



verde
impresiones con sentido



 AGRUPACIÓN FOTGRÁFICA GALEGA

CONCELLO
DE VIGO



Vivimos nunha cidade fermosa